



Estimada familia:

A Comunidade Autónoma de Galicia participa no estudo principal do Programa Internacional de Avaliación do Alumnado (PISA). Este estudio internacional de avaliação educativa está coordinado pola Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos (OCDE) e, no relativo a España, polo Ministerio de Educación e Formación Profesional a través do Instituto Nacional de Avaliación Educativa (INEE).

O programa PISA avalía de modo regular os resultados educativos do alumnado de 15 anos en lectura, matemáticas e ciencias, ademais doutras áreas como a competencia financeira e, nesta edición, tamén o pensamento creativo. Este estudio constitúe hoxe en día a más ambiciosa avaliação comparativa internacional dos sistemas educativos no mundo.

O IES San Paio foi seleccionado pola OCDE, entre os centros educativos en que cursan estudos alumnos e alumnas nacidos no ano 2006, para formar parte da mostra do estudo principal PISA 2022.


A aplicación do estudo está prevista entre o 28 de marzo e o 9 de maio de 2022 en todos os centros que forman parte da mostra. Isto supón que os alumnos e as alumnas do centro que sexan seleccionados para participar farán unha proba cognitiva en ordenador sobre lectura, ciencias, matemáticas, competencia financeira e unha área innovadora, o pensamento creativo. A continuación, contestarán un cuestionario de contexto, tamén dixitalmente.

No caso de que o seu fillo ou filla sexa elixido para participar no estudo principal do proxecto PISA, isto non afectará ás súas cualificacións en ningunha materia. Os resultados non se fan públicos nin para alumnos e alumnas nin para os centros educativos participantes no estudo. Todos os datos recompilados son estritamente confidenciais. Pode consultar a política de protección de datos e información sobre o estudo na seguinte ligazón: <https://www.educacionyfp.gob.es/inee/evaluaciones-internacionales/pisa/pisa-2022.html>.

Queremos transmitirlle o agradecemento, tanto do ministerio como da consellería, pola participación do seu fillo ou filla neste estudo. Para calquera dúvida ou aclaración de carácter xeral, pode contactar co centro no endereço electrónico ies.sanpaio@edu.xunta.gal e no teléfono 886 110 762.

Reciba un cordial saúdo.

Tui, 6 de abril de 2022



Miguel Abraira
Director do IES San Paio